



PLAN DIXITAL

IES Frei Martín Sarmiento

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES Frei Martín Sarmiento.

Dirección: Av. de Vigo, 23, 36003 Pontevedra.

Teléfonos: 986 852 654 / 986 852 087

Fax: 986 852 066

Correo: ies.freimartin.sarmiento@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://iesfreimartinsarmiento.com>

Etapas educativas:

Actualmente están concedidas as seguintes unidades:

1. En réxime ordinario:

3 liñas de ESO, cun programa de Diversificación Curricular en 3º e 4º.

3 modalidades de Bacharelato (Artes escénicas, música e danza, Científico/Tecnolóxico e Humanidades e Ciencias sociais).

Ciclos de grao medio:

Coidados auxiliares de enfermaria (LOXSE).

Instalacións eléctricas e automáticas (LOE).

Estética e beleza (LOE).

Mecanizado (LOE).

Peiteado e cosmética capilar (LOE).

Ciclos de grao superior:

Dietética (LOXSE).

Estética integral e benestar (LOE).

Sistemas Electrotécnicos e automatizados (LOE)

Laboratorio de diagnóstico clínico (LOE).

Programa de Cualificación Profesional Inicial:

1º curso: nas modalidades A (no perfil de Fabricación Mecánica) e C mixta.

2º curso: 4 grupos. Inclúense no réxime de adultos por ter horario de tarde.

2. En réxime de adultos:

Ciclos formativos:

CM Instalacións eléctricas e automáticas (oferta parcial).

CM de Peitado e cosmética capilar (oferta parcial).

CM Coidados auxiliares de enfermería (oferta completa).

CS de Laboratorio de diagnóstico clínico (oferta completa).:

Nº de alumnado: O Centro ten a día de hoxe uns 1100 alumnos repartidos entre todos os niveis e quendas existentes, sendo maioritario o alumnado matriculado en Ciclos pola ampla oferta dos mesmos.

Nº de profesorado: A día de hoxe o centro conta con 106 docentes.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Ten adscritos os C.E.I.P. de Vilaverde-Mourete e de Marcón, ambos dentro do concello de Pontevedra, e tamén asisten alumnos procedentes da Residencia Infantil Príncipe Felipe e do centro de menores Avelino Montero. Así mesmo, ten dependentes: Instituto Galego de Formación Acuícola, pertencente á Consellería de Medio rural e do mar (no que se imparten o CM de Operacións de Cultivo Acuícola, o CM de Mergullo a media profundidade e o CS de Producción Acuícola) e a Academia de Perruquería París de Pontevedra.*
- *A procedencia dos alumnos varía segundo as ensinanzas: na ESO proceden maioritariamente dos centros adscritos; no bacharelato é importante o número de alumnos procedentes doutros centros e concellos limítrofes debido, entre outras cousas, a que é o único centro da zona educativa e limítrofes onde se pode cursar o bacharelato de artes escénicas, música e danza; nos Ciclos a procedencia é moi variada debido a ampla oferta de familias e quendas nos que se poden cursar e que moitos dos ciclos teñen gran demanda social e só se imparten aquí dentro de toda a zona educativa.*
- *Tamén está escolarizado alumnado que procede doutras comunidades e países, en particular alumnado de orixe centro e suramericano e marroquí (sobre todo no 2º de PCPI).*
- *Na ESO o centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes ás parroquias rurais do municipio (60%); o resto procede da área suburbana de nova construción. Atendendo ás profesións das nais e dos pais, predominan os dedicados ao ámbito manual-asalariado, abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesións liberais. Aínda así existe unha elevada porcentaxe de nais que son amas de casa*
- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23. Mellora nas competencias dixitais e na comunicación da comunidade educativa do IES Frei Martín Sarmiento e mellora nos servizos e equipamento do centro.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Membros do equipo que participaron na elaboración do Plan Dixital: Luis E. Ruiz de Cortázar Díaz (Director do centro), María Isabel Calvo Blanco, Mónica Castro Bustelo, Jennifer Vila Bouzas, Juan Navaza Carro (Coordinador).

Primeira reunión: Configuración do SELFIE e selección das formas de difusión. Decidiuse crear un curso na aula virtual do centro creando 3 grupos para o alumnado (ESO, BAC e Ciclos formativos) e 3 grupos máis para profesorado (Profesorado ESO, Profesorado BAC e Profesorado Ciclos formativos) cos enlaces correspondentes ao SELFIE de cada quen e sen acceso a non ser que pertenzas o grupo seleccionado.

Segunda reunión: Posta en marcha a cumplimentación do SELFIE. Falouse co profesorado titor/a de cada grupo para que cubrisen o cuestionario SELFIE co seu alumnado, explicando como acceder ao mesmo a través da aula virtual do centro e as características e importancia da información recollida. Acadouse unha boa participación e colaboración por parte do alumnado e profesorado.

Terceira reunión: Análise dos datos e envío da tarefa a aula virtual do Plan Dixital da Consellería para a valoración posterior por parte do mentor do centro.

Cuarta reunión: Informar o profesorado da importancia da cumplimentación do Test CDD explicando a forma de cumprimentar o test. Envío posterior dos datos acadados a aula virtual do Plan Dixital da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Quinta reunión: Realizar a análise DAFO do centro usando os datos facilitados polo SELFIE e o Test CDD. Para enviar posteriormente os datos facilitados polo Director do centro a aula virtual do Plan Dixital.

Sexta reunión: Valorar as áreas prioritarias para o Plan Dixital do centro na situación actual e deseñar os obxectivos que supoñan unha mellora no mesmo.

Séptima reunión: Posta en común dos obxectivos seleccionados e posterior envío, unha vez redactados e cubertos nas táboas facilitadas polos mentores do Plan Dixital.

Octava reunión: Corrección dos erros atopados polo mentor do centro na redacción dos obxectivos enviados a aula virtual do Plan Dixital.

Novena reunión: Con toda a información e os datos anteriores comenzar a redacción do Plan Dixital do centro na plantilla deseñada polos Servizos Centrais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que foi facilitada polos mentores do Plan Dixital e que reduciu enormemente o traballo a máis de unificar os criterios e deseño dos Plans Dixitais para toda a Comunidade Galega.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: Necesidade de renovación da rede fixa.*
- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: O 100% das aulas do centro posúen conexión a internet, teñen equipo informático e canón de proxección, proxecto E-Dixgal en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO*

(Todo o alumnado destes cursos ten equipo E-Dixgal), equipos de xestión e administración (8 equipos, 2 precisan renovación) uso na biblioteca (8 equipos novos), equipos para uso nas salas de profesorado (5 equipos novos na sala de profesorado do edificio principal e 3 equipos novos na sala de profesorado da ESO) e departamentos (Todos os departamentos contan con 2 equipos como mínimo), equipos ultraportátiles para aula móbil (Non), aulas de informática: (Informática 1: 25 equipos N-Computing obsoletos e sen Linux. Informática 2: 30 equipos obsoletos e sen Linux).

- *Servizos dixitais educativos:*
 1. *Servizos corporativos (Abalar, XADE, Aula virtual, E-Dixgal).*
 2. *Non corporativos (SIXA, Tokapp, Google Suite, páxina web do centro).*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro (Proinge).*
- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Aula virtual).*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,7	3,7	3,4	
	Profesorado		3,6	3,6	3,4	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,2	3,2	3,2	
	Profesorado		3,3	3,3	3,2	
	Alumnado		2,5	2,5	2,7	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,7	3,7	3,7	
	Profesorado		3,7	3,7	3,4	
	Alumnado		2,9	2,9	3,1	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,3	4,3	4,1	
	Profesorado		3,5	3,5	3,5	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,7	3,7	3,8	
	Profesorado		4,2	4,2	4,2	
	Alumnado		4	4	3,9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,1	3,1	3,2	
	Profesorado		3,7	3,7	3,7	
	Alumnado		2,9	2,9	3,3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,4	3,4	3,3	
	Profesorado		3,4	3,4	3,4	
	Alumnado		2,6	2,6	2,9	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,6	3,6	3,3	
	Profesorado		3,6	3,6	3,3	
	Alumnado		2,7	2,7	2,9	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	49	79	62,00%
PROVISIONAL	7	10	70,00%
INTERINO	9	14	64,30%
SUBSTITUTO	5	12	41,70%
DESPRAZADO	1	1	100,00%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	81,8	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	79,3	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	77,5	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	6	8,50%
A2	20	28,20%
B1	28	39,40%
B2	12	16,90%
C1	4	5,60%
C2	2	2,80%
TOTAL	72	101,40%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Infraestructura. Dispositivos dixitais para a ensinanza. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. Dispositivos para o alumnado.	Espazos físicos. RAC redes: necesidade de renovación.
	PERSOAL DOCENTE	Novas modalidades de ensinanza. Participación en DPC. Recursos educativos en liña. Creación de recursos dixitais. Comunicación coa comunidade educativa. Recursos educativos abertos. Test CDD: Nivel Integrador/a (B1).	Tempo para explorar a ensinanza dixital. Debate sobre o uso da tecnoloxía. Autoreflexión sobre o aprendizaxe. Comentarios a outras/os alumnas/os sobre seu traballo. Evaluación das capacidades desenroladas fora do centro.
	PERSOAL NON DOCENTE	Recursos educativos en liña. Creación de recursos dixitais. Implicación do alumnado. Colaboración do alumnado. Intercambio de experiencias.	
	ALUMNADO	Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. Dispositivos para o alumnado.	Aprender a codificar o programar. Resolver problemas técnicos.
	FAMILIAS		
	OFERTA	Novas modalidades de ensino.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Estratexia dixital. Oportunidades de DPC. Asistencia técnica. Experiencia no uso de entornos de aprendizaxe dixital. Recursos dixitais en liña ben organizados. Comunicación regular e ben organizada.	Tecnoloxías asistenciais. Biblioteca/repositorios en liña.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Infraestructura. Dispositivos dixitais para o ensino. Acceso a internet. Asistencia técnica. Oportunidades de DPC.	Espacios físicos. Bibliotecas/repositorios en liña.
	LEXISLACIÓN	Protección de datos.	
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		Participación das empresas na estratexia. Mantemento equipos informáticos.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Plan de Acción anual consiste nas accións que se levarán a cabo cada curso escolar para cumprir cos obxectivos do Plan Dixital.

Establécese a partir das necesidades e recursos dispoñibles detectados no curso de elaboración 21/22, e será modificado anualmente segundo a evolución da consecución dos obxectivos e dos recursos dispoñibles.

Unha vez realizada a análise DAFO identifícanse as áreas de mellora prioritarias xunto coas debilidades e fortalezas do centro.

Isto permite fixar uns obxectivos para o curso académico actual, que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Os obxectivos e as accións necesarias para cumprimentar ditos obxectivos, así como a súa secuencia e indicadores de consecución establécense nas táboas que aparecen a partir da páxina 9.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Renovación do RAC do centro e saneamento da rede fixa polas múltiples incidencias xurdidas durante os cursos 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022.

Solicitud de 25 equipos informáticos para a aula informática 1 que na actualidade ten equipos N-Computing que tiveron múltiples incidencias durante o curso.

Solicitud de 30 equipos informáticos para a aula informática 2 que na actualidade ten equipos obsoletos non aptos para o traballo diario.

Solicitud de 2 equipos informáticos para Secretaría e Xefatura de Estudos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Liderado.						
OBXECTIVO 1: (1)	Usar a ferramenta Abalar para mellorar a comunicación coas familias e alumnado				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% de uso da ferramenta Abalar pola comunidade educativa do IES Frei Martín Sarmiento					
Valor de partida: (3)	0% da comunidade educativa usa a ferramenta Abalar					
Valor previsto e data: (4)	90% da comunidade educativa.			14 de outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunións coas familias por niveis para o uso da ferramenta Abalar	Membro do equipo directivo Dinamizador TIC Titoras/es	Setembro 2022	Salón de actos do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación do uso da ferramenta Abalar para o profesorado e familias	Coordinador Plan Dixital	30 setembro 2022	Seminarios formativos en sesións de mañá e tarde, a través da plataforma Webex e/ou de xeito presencial.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Formación do uso da ferramenta Abalar nas substitucións do profesorado.	Coordinador Plan Dixital	30 xuño 2023	Titorias persoais para profesorado substituto/a no plan de acollida.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado.						
OBXECTIVO 2: (1)	Usar a ferramenta XADE para mellorar a xestión académica do centro				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% de uso da ferramenta XADE polo profesorado do IES Frei Martín Sarmiento					
Valor de partida: (3)	0% do profesorado usa a ferramenta XADE					
Valor previsto e data: (4)	100% do profesorado.			30 setembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Integrar a ferramenta XADE no IES Frei Martín Sarmiento	Equipo directivo	30 setembro 2022	Claustro ordinario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formación do uso da ferramenta XADE	Coordinador Plan Dixital	30 setembro 2022	Seminarios formativos en sesións de mañán e tarde a través da plataforma Webex y/o de xeito presencial.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Formación do uso da ferramenta XADE nas substitucións do profesorado.	Coordinador Plan Dixital	30 xuño 2023	Titorias persoais para profesorado substituto/a na incorporación no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional continuo.						
OBXECTIVO 3: (1)	Aumentar a creación de recursos dixitais por parte do profesorado para BAC e Ciclos				Acadado	
Responsable:	Xefa/e de estudos.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de uso das Aulas Virtuais.					
Valor de partida: (3)	60% de cursos na Aula virtual con recursos dixitais (BAC e Ciclos).					
Valor previsto e data: (4)	90% de cursos na Aula virtual con recursos dixitais (BAC e Ciclos)			30 xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Formación do profesorado a través dun PFPF: Creación de recursos dixitais e uso de AV e Aqueiro.	Coordinador/a do PFPF	31/03/23	- Humanos, en colaboración co CFR (relatores, ...). - Materiais (equipos informáticos, software, funxible, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación de grupos de traballo estruturados en ciclos.	Coordinador/a do plan de formación do profesorado.	30 setembro 2022	- Convocatoria - Materiais (equipos informáticos, software, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Creación de recursos dixitais para a Aula virtual e píulas formativas en Aqueiro	Coordinadores/as de ciclo.	30 xuño 2023	- Materiais (equipos informáticos, software, funxible, ...).		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula.						
OBXECTIVO 4: (1)	Dar soporte técnico das alumnas TAC responsables de aula ao profesorado ante incidencias informáticas na aula.				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de incidencias solucionadas polas alumnas TAC responsables de aula.					
Valor de partida: (3)	0% das incidencias informáticas resoltas.					
Valor previsto e data: (4)	50% das incidencias informáticas resoltas.			30 xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Formación das alumnas seleccionadas nos recreos seleccionados.	Coordinador/a do Plan Dixital	21 xuño 2022	- Salón de actos. - Merenda saudable para as formacións proporcionada polo centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Reunións mensuais de reporte.	Coordinador/a do Plan Dixital	30 xuño 2023	- Convocatoria - Rexistro informático das incidencias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Creación dun curso na Aula virtual para as alumnas seleccionadas (Dúas por curso)	Coordinador/a do Plan Dixital	21 xuño 2022	- Actualización da información relativa a resolución de incidencias informáticas.		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional continuo.						
OBXECTIVO 5: (1)	Dar soporte formativo dixital do Plan de acollida para profesorado substituto/a				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Uso das ferramentas do Plan Dixital por parte do profesorado Substituto/a.					
Valor de partida: (3)	0% do profesorado substituto/a.					
Valor previsto e data: (4)	100% do profesorado substituto/a.			30 xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Formación do profesorado substituto/a nas ferramentas dixitais do Plan Dixital.	Coordinador/a do Plan Dixital	30 de xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Tutorías por Webex. - Tutorías presenciais. - Aula Virtual. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Creación dun curso na aula virtual do centro para o profesorado substituto/a.	Coordinador/a do Plan Dixital	30 xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> - Formación en Abalar, Xade, Moodle, Agueiro, Webex, Falemos Edu, CamEdu, Seguemento das Programacións, Fprofe... 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento						
OBXECTIVO 6: (1)	Solicitar a renovación do RAC do centro e o saneamento do cableado do centro				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Solventar as incidencias detectadas co servizo de internet no centro.					
Valor de partida: (3)	Necesidade de renovación e saneamento.					
Valor previsto e data: (4)	Renovación do RAC e saneamento da rede fixa.			01 outubro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Solicitar o saneamento da rede fixa do centro.	Dirección	01 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Solicitar a renovación do RAC do centro.	Dirección	01 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipamento						
OBXECTIVO 7: (1)	Renovar equipos na aula informática 1				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	55 equipos novos na aula informática 1 e 2					
Valor de partida: (3)	25 equipos N-Computing con múltiples incidencias durante o curso (Informática 1) e 30 equipos obsoletos (Informática 2).					
Valor previsto e data: (4)	55 equipos novos.			01 setembro de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A07.1: Solicitud de novos equipos para a aula informática 1 e 2	Equipo directivo	01 Setembro 2022	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Revisaranse as accións unha vez por trimestre (ao finalizar cada trimestre) co fin de comprobar o estado das accións e as posibles modificacións e unha a final de curso para comprobar o logro ou non dos obxectivos marcados.

Obxectivo 1: *Usar a ferramenta Abalar para mellorar a comunicación coas familias e alumnado*

Enquisa para toda a comunidade educativa sobre o uso da ferramenta Abalar o 14 de outubro de 2022 que repetirase no segundo e terceiro trimestre do curso 2022-23. No caso de non acadar o 90% de uso por parte da comunidade educativa na primeira enquisa valoraranse os motivos e aplicaranse as medidas correctoras oportunas.

Obxectivo 2: *Usar a ferramenta XADE para mellorar a xestión académica do centro*

Supervisión da Xefatura de estudos do centro da utilización da ferramenta Xade por parte do profesorado do centro para o rexistro de faltas de asistencia e a xestión académica do alumnado.

Obxectivo 3: *Aumentar a creación de recursos dixitais por parte do profesorado para BAC e Ciclos*

Nas avalicións de cada trimestre solicitarase información ao profesorado, por parte do equipo directivo, sobre os contidos creados, así como, constará a información dos recursos creados nos informes do PFPP solicitado a tal efecto ao finalizar a actividade formativa.

A 30 de xuño de 2023 espérase acadar un 90% de cursos con contidos creados por parte do profesorado de BAC e Ciclos.

Obxectivo 4: *Dar soporte técnico das alumnas TAC responsables de aula ao profesorado ante incidencias informáticas na aula.*

Mensualmente realizarase un informe das incidencias solucionadas polas alumnas responsables de aula e realizaráanse de xeito mensual reunións coas mesmas, de formación e reporte de datos.

A 30 de xuño de 2023 espérase acadar un 50% de resolución das incidencias informáticas por parte das alumnas responsables de aula, en caso de non acadar esa porcentaxe valorarase a viabilidade do proxecto e/ou as causas que motivaron a redución da porcentaxe.

Obxectivo 5: *Dar soporte formativo dixital do Plan de acollida para profesorado substituto/a.*

Trimestralmente realizarase un informe do profesorado substituto/a formado e das novas necesidades atopadas nas actividades formativas.

Obxectivo 6: *Solicitar a renovación do RAC do centro e o saneamento do cableado do centro.*

Solicitud de renovación do RAC do centro por aumento das necesidades do centro e saneamento da rede fixa por múltiples incidencias durante o curso pasado.

Obxectivo 7: *Renovar equipos na aula informática 1 e 2.*

Solicitud de renovación de equipos informáticos na aula informática 1.

5. Difusión do plan

Toda a información relativa o plan dixital estará dispoñible tanto na páxina web do centro como na aula virtual para a súa consulta, para a comunicación das aportacións e suxestións que poidan xurdir por parte da comunidade educativa e para súa actualización en función das necesidades e comunicacións recibidas.